



OFERTA FORMATIVA TITULACIÓNS E CERTIFICADOS NÁUTICO-PESQUEIRAS

1º TRIMESTRE: setembro-decembro 2023					
Cursos¹	Matrícula	Data inicio	Data remate	Horario	Exame
Patrón/a Costeiro/a Polivalente: Seccións Ponte e Máquinas	18.09.2023 ao 22.09.2023	02.10.2023	29.05.2024	08:30-14.00 Luns a venres	30.05.2024
Mariñeiro/-a pescador/-a	04.09.2023 ao 08.09.2023	14.09.2023	27.09.2023	08.30-13.30 Luns a venres	28.09.2023
Mariñeiro/-a pescador/-a Online ²	Ver convocatoria na páxina de Teleformación da Consellería do Mar: https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion				
Certificado de marisqueo a pé	04.09.2023 ao 08.09.2023	20.09.2023	20.10.2023	10.00-14.00 Mércores e venres	20.10.2023
	06.11.2023 ao 10.11.2023	24.11.2023	21.12.2023	10.00-14.00 Mércores e venres martes 5, 12 e 19 xoves 21	21.12.2023
CURSOS QUE PUNTÚAN PARA O BAREMO DE MARISCADOR/A A PÉ					
Habilidades sociais e comunicación (0,6 puntos)	09.10.2023 ao 17.10.2023	25.10.2022	22.11.2023	10.00-14.00 Mércores e venres	22.11.2023
Recolección e aproveitamento de algas (0,6 puntos)	09.10.2023 ao 17.10.2023	24.10.2023	23.11.2023	10.00-13.00 Martes e xoves	23.11.2023
2º TRIMESTRE: xaneiro-marzo 2024					
Cursos¹	Matrícula	Data inicio	Data remate	Horario	Exame
Certificado de marisqueo a pé/percebeiro-a	02.01.2024 ao 08.01.2024	10.01.2024	09.02.2024	10.00-14.00 Mércores e venres, xoves 18 e 25	09.02.2024
Mariñeiro/a pescador/a Online ²	Ver convocatoria na páxina de Teleformación da Consellería do Mar: https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion				
3º TRIMESTRE: abril-xuño 2024					
Cursos¹	Matrícula	Data inicio	Data remate	Horario	Exame
Ampliación de caballaxe sen límite de atribucións	18.03.2024 ao 27.03.2023	08.04.2024	07.06.2024	8:30 a 13:30 Luns a venres	Avaliación continua
Ampliación de atribucións de Patrón/a Costeiro/a Polivalente	13.05.2024 ao 24.05.2024	30.05.2024	20.06.2024	8:30 a 13:30 Luns a venres	Avaliación continua
Ampliación de atribucións de Patrón/a Costeiro/a Polivalente Online ³	26.02.2024 ao 15.03.2024	08.04.2024	31.05.2024	Online	Data pendente
Mariñeiro/a pescador/a	18.03.2024 ao 27.03.2023	02.04.2024	15.04.2024	8:30 a 13:30 Luns a venres	15.04.2024
	08.04.2024 ao 19.04.2024	23.04.2024	07.05.2024	8:30 a 13:30 Luns a venres	07.05.2024
	29.04.2024 ao 10.05.2024	14.05.2024	28.05.2024	8:30 a 13:30 Luns a venres	28.05.2024
Mariñeiro/a pescador/a Online ²	Ver convocatoria na páxina de Teleformación da Consellería do Mar: https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion				
Certificado marisqueo a pé/percebeiro-a	18.03.2024 ao 27.03.2023	03.04.2024	24.04.2024	10.00-14.00 L, Me, V	24.04.2024
	08.04.2024 ao 19.04.2024	26.04.2024	24.05.2024	10.00-14.00 L, Me, V	24.05.2024
	13.05.2024 ao 22.05.2024	27.05.2024	17.06.2024	10.00-14.00 L, Me, V	17.06.2024
CURSOS QUE PUNTÚAN PARA O BAREMO DE MARISCADOR/A A PÉ					
Recolección e aproveitamento de algas (0,6 puntos)	18.03.2024 ao 27.03.2024	02.04.2024	25.04.2024	10.00-14.00 Martes e xoves	25.04.2024
Habilidades sociais e de comunicación (0,6 puntos)	15.04.2024 ao 26.04.2024	30.04.2024	23.05.2024	10.00-14.00 Martes e xoves	23.05.2024



1. INSTRUCIÓNS PARA TODOS OS CURSOS OFERTADOS:

- a) A realización do curso está supeditada a un número mínimo de 10 persoas matriculadas.
- b) O número máximo de alumnos/as será de 20.
- c) No caso de non acadar as prazas mínimas necesarias, farase unha reprogramación para seguintes cursos.
- d) Respectando o rigoroso orde de entrada de solicitudes, durante o prazo de matrícula terán acceso e dereito a realizar o curso os primeiros 20 alumnos/as matriculados. Non obstante, admitiranse a maiores un máximo de cinco persoas pre-inscritas que quedarán en situación de reserva para cubrir aquelas baixas que se produzan.
- e) Cando algunha das persoas matriculadas nun curso non poida asistir, deberá comunicalo coa maior brevidade posible á secretaría deste centro, co fin de non prexudicar ás persoas que se atopan pre-inscritas en situación de reserva.
- f) As datas de comezo e finalización dos cursos, así como os horarios, poden estar suxeitos a modificacións que, no seu caso, serán debidamente comunicadas.
- g) Se por razóns xustificadas o horario do curso sofre algunha modificación, as persoas matriculadas serán avisadas con antelación.
- h) No caso do curso de Patrón Costeiro Polivalente (PCP), a selección dos admitidos manterá a prioridade daquelas persoas que teñen pendente unha sección do mesmo ano ou do ano anterior. A selección das prazas vacantes será por rigoroso orde de entrada de solicitudes.

2. INSTRUCIÓNS PARA OS CURSOS DE MARIÑEIRO PESCADOR ONLINE:

- a) A solicitude de prematrícula realizarase a través da páxina web de Teleformación da Consellería do Mar: <https://mar.xunta.gal/gl/formacion/informacion-do-alumnado/teleformacion> dentro das datas marcadas para cada curso. Non se aceptará a prematrícula en máis dun centro; no caso de darse esta situación, a persoa será excluída do curso.
- b) A matrícula realizarase dentro dos 10 días naturais contados a partires do día seguinte ao que se fai pública a listaxe provisional das persoas admitidas no curso, no portal web de formación da Consellería do Mar.
- c) Os exames e a proba de natación realizaranse de maneira presencial no Centro e na piscina asignada ao respecto. Para realizar a proba de natación o alumnado deberá dispor do DNI, bañador, chanclas, gorro de natación e toalla.
- d) A data e a hora do exame será publicada na plataforma de formación da Consellería do Mar.
- e) A relación das persoas admitidas será a establecida en función da hora e do día da prematrícula.
- f) No caso de que o número de prematriculas supere ao de prazas ofertadas, crearase unha listaxe de reserva por rigorosa orde de prematrícula a partires da última persoa admitida no curso. Esta listaxe poderá ser empregada no caso de producirse baixas na matrícula do curso.

3. INSTRUCIÓNS PARA O CURSO DE AMPLIACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DE PATRÓN COSTEIRO POLIVALENTE ONLINE:

Primeiro. O curso de teleformación de Aumento de Atribucións Patrón/Patroa Costeiro/a Polivalente Sección Ponte terá unha duración de 80 horas. As datas de matrícula, as datas de realización do curso e o número de alumnado no curso serán:

- Datas de matrícula: dende as 09:00h do 26 de febreiro de 2024 ata as 15:00h do 15 de marzo de 2024, coa seguinte orde:
 - Do 26 de febreiro ao 8 de marzo as persoas que teñan a tarxeta profesional sen restrinccións



- Do 8 ao 15 de marzo as persoas que teñan a tarxeta profesional con restrinccións, sempre que queden prazas no curso.

- Datas do curso: do 08 de abril ao 31 de maio de 2024.
- Número de alumnado. Máximo de 30 e mínimo de 10; de non acadarse o número mínimo derivarase a outros centros de ensino da Consellería do Mar.

A teleformación e o seguimento vía web do curso farase a través da URL que será enviada ás persoas matriculadas e contará coa asistencia titorial do mesmo, co obxecto de resolver as dúbidas que poidan xurdir nos seus contidos.

Segundo. Documentación necesaria para formalizar a matrícula do curso.

1. Solicitud segundo modelo que figura como anexo II da Orde do 31 de xullo do 2014 **(PE607C)**
2. DNI ou NIE, no caso de que a persoa interesada non permita a súa consulta.
3. Tarxeta profesional de **Patrón/Patroa Costeiro/a Polivalente**, tendo prioridade as persoas que acheguen a tarxeta sen restrición.
4. Xustificante do aboamento de taxa en vigor (84,81€) que outorga o dereito ao exame, cuxos códigos son os seguintes:

Taxa: código 30.19.00

Consellería do Mar: código 12

Servizos Centrais: código 13

Servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras: código 05

Terceiro. Presentación de documentación.

As solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes de forma presencial na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.

Cuarto. Unha vez rematado o curso de teleformación realizarase un exame final presencial ante un tribunal no centro de ensino, e constará dunha parte teórica e outra práctica, sendo necesario para presentarse a esta proba cumprir cos seguintes requisitos:

- Revisar todos os módulos multimedia, así como realizar os correspondentes cuestionarios tipo test, que se poderán facer todas as veces que sexa necesario e sen límite de tempo; sendo a nota final a cualificación máis alta dos intentos realizados. É necesario ter nos cuestionarios un 70% de respostas correctas.

A listaxe de persoas que superaron o curso e que teñan dereito a presentarse o exame final, así como as excluídas, publicarase no portal web de teleformación da Consellería do Mar.

A información do **día e da hora da realización do exame final presencial** do curso publicarase no portal web de teleformación da Consellería do Mar e mediante comunicado a través da plataforma polos titores, e terá lugar na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira.



Quinto. Rematado o exame teórico-práctico o tribunal fará pública no portal web de teleformación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino, unha copia do exame e a folla coas respostas correctas, co fin de que as persoas interesadas poidan comprobar o resultado do seu exercicio.

Unha vez corrixido o exame teórico-práctico, o tribunal fará pública a lista provisional de cualificacións no portal web de teleformación da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do centro de ensino.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles desde a publicación da lista provisional nos lugares indicados anteriormente, para facer reclamación ante o tribunal contra as cualificacións provisionais.

Unha vez resoltas as reclamación presentadas, o tribunal publicará a lista definitiva das persoas que superaron o exame teórico-práctico, nos mesmos sitios en que se publicou a lista provisional.

Sexto. Contra a resolución do tribunal as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes, contado dese o día seguinte ao da publicación da lista de notas definitivas no portal web de teleformación da Consellería do Mar.

A dirección da Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira